



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO E O CENTRO DE ESTUDOS XURÍDICOS (CEX) DO MINISTERIO DE XUSTIZA PARA A COLABORACIÓN EN MATERIA DE CURSOS SELECTIVOS E ACTIVIDADES FORMATIVAS DE MÉDICOS FORENSES

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de xustiza en virtude do artigo 20 do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril. É desexo desta Consellería a realización de todas aquelas actuacións coas que poida acadarse a maior eficacia en relación cos temas da Administración de xustiza en xeral, segundo as funcións que lle atribúe o Decreto 214/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos a formación dos facultativos, médicos forenses e persoal técnico de laboratorio do IMELGA e contribuír á mellor capacitación dos seus integrantes, o que favorecerá a aplicación práctica na súa actividade diaria, coa decidida finalidade de acadar unha calidade pericial acorde coas esixencias da Administración de Xustiza e aos cidadáns aos que serve.

Antecedentes: mediante o Decreto 119/2005 creouse o Instituto de Medicinal Legal de Galicia coa filosofía de optimizar os recursos públicos, tendo como misión o auxilio en materia de Medicina Forense aos xulgados, tribunais, fiscalías e oficinas de Rexistro Civil en todo o ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

Finalidade: Para os efectos sinalados, o 23 de abril de 2018 asinouse un convenio co Centro de Estudos Xurídicos (CEX) do Ministerio de Justicia por un período de vixencia de dous anos dende a súa sinatura, prorrogable por outros dous anos.

O convenio ten por obxecto establecer as bases da colaboración entre o CEX e a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo da Xunta de Galicia, nos seguintes ámbitos:

- a) En materia de cursos selectivos, para funcionarios en prácticas que aspiran a ingresar no Corpo Nacional de Médicos Forenses
- b) En materia de actividades formativas, dirixidas a funcionarios de carreira do devandito corpo, ben dependan do Ministerio de Xustiza ou ben estean transferidos á Comunidade Autónoma de Galicia.





O instrumento convencional asinado fundaméntase no seguinte:

- O Estado ten competencia exclusiva en materia de Administración de Xustiza de acordo co artigo 149 1.5ª da Constitución Española.
- A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de xustiza en virtude do artigo 20 do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, e segundo as funcións que lle atribúe o Decreto 214/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica.
- As administracións públicas poden formalizar convenios de colaboración con outras entidades públicas e mais con persoas xurídicas suxeitas ao Dereito Privado, ao abeiro do disposto no artigo 48 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e mais no Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público pola Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991.

Financiamento: Este convenio non comporta gasto ningún para as partes asinantes, inseríndose as obrigacións das partes no desenvolvemento ordinario das competencias propias. Cada unha das partes asinantes do presente convenio asumirá o custo das actuacións que deba realizar de conformidade co clausulado do mesmo e consonte ás súas respectivas normas de xestión económica.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 6 dá dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela,

O Director Xeral de Xustiza

Juan José Martín Álvarez

